

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con trastornos da comunicación da linguaxe e da fala.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que AGMAL é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, constituída por mestres e mestras que se dedican ao exercicio e estudo da docencia na especialidade de Audición e Linguaxe, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) A investigación e o estudo científico e práctico dos problemas relacionados coa educación e intervención da linguaxe, a audición, a comunicación e a súas patoloxías.
- b) Os aspectos da intervención mencionada abarcan dende o estudo dos problemas que orixinan as alteracións da voz, da palabra e a linguaxe, da audición e a comunicación, pasando pola reeducación ou rehabilitación dos trastornos consecutivos, ata que sexan superados grazas aos medios e procedementos adecuados, levando a cabo a avaliación, intervención e asesoramento dos mesmos.
- c) Colaborar na formación dos e das profesionais, na súa reciclaxe e en todas aquelas iniciativas que conduzan á mellora deste campo profesional específico e que coa súa divulgación redunde en beneficio da poboación afectada.
- d) Para cumprimentar os fins mencionados esta Asociación colaborará e estimulará as publicacións especializadas, organizará e patrocinará cursos, xornadas de estudo, asembleas, congresos, etc. de alcance autonómico, estatal e internacional, procurando a asistencia dos seus asociados a este tipo de reunións.
- e) Velar pola profesión e evitar o intrusismo.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con trastornos da comunicación da linguaxe e da fala, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA
DE GALICIA

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

